

Unidade 9. Poesía, poesía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

A raposa e o corvo

Unha raposa trotaba polo bosque en busca de comida cando, ao levantar a vista, descubriu un corvo pousado nunha árbore. Tiña un cacho de queixo no pico, e a raposa pensou: «Ese queixo é xusto o que necesito para o almorzo».


De xeito que tramou un plan para facer o que quería. A raposa sentouse ao pé da árbore e comezou a mirar ao corvo como se quedara enfeitizada polos seus encantos.

—Es a criatura máis fermosa do mundo! —exclamou marabillada—. As túas plumas relocen coma a seda e as túas ás son pretas coma a noite! E que dicir ten dos teus ollos que resplandecen como o acibeche! Que pena que se diga que non sabes cantar! Abondaría con que souberas entoar unha soa nota para que foses a criatura máis perfecta da creación...

Ao corvo enchéuselle a cabeza de fume con tanta adulación. «A raposa ten razón», pensou. «Teño un plumaxe fermosísimo e uns ollos que volven tolas de amor ás paxariñas do bosque. Pero, por que dirá que non sei cantar? Por suposto que sei! Podo cantar cen veces mellor que os reiseñores!». E para demostrarllo á raposa, abriu o pico e soltou un grallo tan espantoso que ao resto dos animais do bosque se lles encolleu o corazón. Pero, ao abrir o pico, o cacho do queixo caeu ao chan, e a raposa comeuno dun bocado.

—Grazas polo almorzo, amigo meu! —dixolle ao corvo—. Vexo que a túa voz é potente pero o teu cerebro deixa bastante que desexar.

ESOPPO



Unidade 9. Poesía, poesía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Copia as palabras que utilizarías para describir os personaxes.

inocente

vaidoso

astuta

cobizosa

- A raposa: _____
- O corvo: _____

2. Localiza os erros e escribe as oracións correctamente.

A raposa trotaba polo bosque xogando. Levantou a vista e descubriu unha pega pousada nunha árbore. Tiña unha mazá no pico.

3. Que di a raposa da plumaxe do corvo?

4. Para que lle di que non sabe cantar?

5. Que significa «enchéuselle a cabeza de fume». Copia a correcta.

- Entroulle fume na cabeza.
- Que se puxo moi vaidoso.
- Sáelle fume polas orellas.

6. Que ensinanza extraes desta fábula?

Unidade 9. Poesía, poesía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

7. Escribe o significado das seguintes palabras.

- Inmature: _____
- Extraditar: _____
- Superpor: _____

8. Escribe unha oración con cada unha das palabras anteriores.

- _____
- _____
- _____

9. Busca e escribe un sinónimo e un antónimo das seguintes palabras.

- Inmature _____
- Extraditar _____
- Superpor _____

10. Escribe tres palabras da familia de:

- _____
- _____
 - _____

11. Forma palabras novas engadindo os prefixos do cadro.

_____ completo	extra	_____ crible
_____ sónico	super	_____ terrestre
_____ ditar	in	_____ dotado

12. Une a palabra coa súa definición.

- | | |
|--------------------------|------------------|
| Que non se pode contar • | • innecesario |
| Que non é necesario • | • extraordinario |
| Que é fora do normal • | • supervivencia |
| Acción de sobrevivir • | • incontable |

Unidade 9. Poesía, poesía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

13. Fíxate nestas etiquetas.



14. Que información importante atopas nesta etiqueta?

15. Elixe un produto e elabora unha etiqueta.